

DA ALDEA AO SUBURBIO. CAMBIOS DEMOGRÁFICOS E TERRITORIAIS EN GALICIA, 1990-...

CARLOS FERRÁS SEXTO
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 31 de maio de 2011

Aceptado: 14 de xullo de 2011

Resumo: No contexto de despoboamento rural e de declive demográfico xeral que está experimentando Galicia percíbese un cambio social que vai desde o rural do pasado cara a un novo futuro suburbano, xurdindo novas áreas rurais na periferia das principais cidades como polo de vitalidade demográfica. Cal é o proceso? E o futuro? Os cambios están previstos? Propoño unha reflexión fundamentada en datos demográficos e en antecedentes bibliográficos. Unha Galicia suburbana, ocupada nos servizos, dependente e en declive vital: cara onde podemos ir? Neste artigo presentamos argumentos que permiten comprender o cambio.

Palabras clave: Suburbanización / Contraurbanización / Declive rural / Demografía.

FROM VILLAGE TO SUBURB. DEMOGRAPHIC AND TERRITORIAL CHANGES IN GALICIA, 1990 -...

Abstract: In the context of loss of rural population and demographic general decline that is experiencing Galicia there is perceived a social change that goes from the rural one of the past towards a new suburban future. New rural areas in the periphery of the principal cities arise as pole of demographic vitality. Which is the process? Which the future? Are changes planned? I propose a reflection based on demographic information and bibliographical precedents. Suburban Galicia occupied in the services and in vital decline; towards where can we go? In the present article I present arguments that allow understanding the change.

Keywords: Suburbanization / Counterurbanization / Rural decline / Demography.

1. INTRODUCCIÓN

O sistema de asentamentos galego tende a unha densificación no corredor occidental que une as cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo con respecto á desertización e ao abandono dos núcleos rurais no interior e dos espazos de montaña. Os cambios social, cultural, económico e político que está experimentando Galicia desde os anos setenta do pasado século e a prospección futura no marco do declive demográfico e do avellentamento actual son condicións determinantes para caracterizar as súas formas de hábitat (Precedo, 1999; Souto, 2001; Ferrás, 2009).

Entre as súas catro provincias Galicia totaliza 32.415 entidades singulares de poboación, que representan o 47% das existentes en España, e tan só o 24% do total son entidades con núcleo ou poboación agrupada, mentres que o resto carece de núcleo e ten dispersa a edificación e, polo tanto, a poboación. Este feito é o que caracteriza e, á vez, diferencia a Galicia do resto do territorio español.

Desde o punto de vista da xeografía, o territorio galego é diverso. Desde o punto de vista da topografía, pódese diferenciar a Galicia da montaña oriental e a Galicia de relevo máis suave da parte occidental. Polo que respecta ao clima, en Galicia é posible distinguir dúas zonas principais: a primeira zona coincide aproximadamen-

te coa rexión do norte do Miño, con fronte atlánticas, con invernos suaves e veráns frescos; a segunda zona é a rexión sur que, á súa vez, se divide en dúas sub-rexións: unha ao oeste, con veráns secos e conectada co clima de Portugal, e outra conectada co clima de matices máis mediterráneos continentais da submeseta norte. Esta diversidade climática e a abundancia da auga aínda fixo máis irregular a topografía dunha gran parte de Galicia, condicionando en boa medida a morfoloxía e a estrutura dos asentamentos.

O trazo de dispersión característico da rexión galega supón para moitos autores un entorpecemento ao desenvolvemento, resaltando o maior custo da implantación e do sostemento dos servizos, e referíndose ás esixencias que a industrialización impón de cara á concentración urbana da poboación. Para outros autores, o hábitat galego cumpriu ata agora unha función insubstituíble, e o medio rural resístese obstinadamente a deixar de selo, sinalando que o balance de beneficios e desvantaxes da dispersión, para os efectos dos modos de vida, constitúe un tema polémico que está por elucidar.

As principais cidades galegas –A Coruña e Vigo– desenvolvéronse por factores exóxenos á rexión, aínda que apoiadas nos recursos e nas posibilidades da costa galega; as actividades relacionadas co mar foron o motor do crecemento urbano. Vigo constitúe o caso máis elocuente: esta cidade, que a principios do século XX apenas superaba os 20.000 habitantes, alcanzou os 230.000 habitantes no ano 1974 e máis de 300.000 na actualidade, pasando a constituírse como a cidade máis dinámica de Galicia. A orixe deste espectacular desenvolvemento, ao igual que o doutras grandes cidades, estivo vinculado coa pesca, e a súa evolución realizouse á marxe do medio rural, exceptuándose certas comarcas costeiras que se viron favorecidas pola proximidade dos mercados urbanos. Como contraste, as cidades interiores –Lugo, Ourense, Santiago– aparecen como verdadeiras illas en medio de extensas áreas rurais. Os estudosos do sistema actual de asentamentos galego coinciden en afirmar que o gran problema da urbanización galega radicou na práctica inexistencia de núcleos intermedios que serviran de vínculo entre as cidades e as aldeas ou as vilas, xa que só hai catro cunha poboación comprendida entre os 10.000 e os 50.000 habitantes.

Nos últimos anos estase producindo unha serie de transformacións nos asentamentos rurais galegos, principalmente en dous aspectos: en primeiro lugar, aparecen novas edificacións con estilos variados e, en segundo lugar, os camiños rurais convértese en estradas asfaltadas. Á vez, hai unha maior uniformidade, xa que os materiais de construción *in situ* –lousas e tellas– son substituídos polo que se pode bautizar como a “revolución do ladrillo e do cemento”. A vivenda tende a ser só habitación humana, quedando dissociadas as cortes e os usos agrícolas. Estas construcións recentes inflúen nos asentamentos, xa que se distribúen de forma anárquica polo territorio, moitas veces apartadas das aldeas, e en numerosas ocasións estas vivendas illadas funcionan como lugares de segunda residencia.

As causas polas que xorden estes cambios relaciónanse coa estrutura económica, que experimenta un crecemento importante nos sectores secundario e terciario.

A sociedade galega deixa de ser unha sociedade agraria, xa que o 92% da súa poboación activa se vincula cos servizos e coa industria, segundo a *Encuesta de población activa 2010* do INE. Desta forma, redúcese o número de campesiños, redución que incide no hábitat galego tradicional e na aparición de novos procesos de suburbanización e contraurbanización, que transforman os estilos de vida locais a partir de mestizaxes rural-urbanas (Ferrás, 2009).

Destaca o feito de que na periferia das cidades o turismo e a crecente mobilidade xeográfica dos propios galegos está creando novos asentamentos en lugares deshabitados e novas construcións como chalés, casas rurais rehabilitadas e grandes bloques de apartamentos para o aloxamento dos visitantes e dos novos veciños.

Hoxe en día as casas e as edificacións proliferan seguindo as principais vías de comunicación, formando diversos asentamentos lineais nas proximidades das cidades, das vilas e das aldeas galegas, coincidindo, á súa vez, co abandono de centos de aldeas e parroquias da Galicia rural do interior, onde os últimos anciáns residentes afrontan o que será tamén a última etapa dunha sociedade tradicional practicamente en proceso de desaparición. Asistimos a un crecente proceso de desaparición, fragmentación e dispersión de antigos e novos asentamentos de poboación.

2. OS ESTUDOS DEMOGRÁFICOS EN GALICIA

Os estudos demográficos en Galicia no período 1990-2010 foron realizados fundamentalmente por xeógrafos, antropólogos, historiadores, economistas, sociólogos e estatísticos, tanto no marco de investigacións universitarias como no marco de organismos públicos e privados de variada natureza, como poden ser os servizos estatísticos rexionais, as fundacións, as asociacións, os concellos, os sindicatos, etc. (Pobles en Red, 2010).

A análise cualitativa da información bibliográfica producida neste período permítenos distinguir tres grandes temas recorrentes que abarcan moi diversas e variadas liñas de traballo ou puntos de vista analíticos, ademais de escalas territoriais de estudo tamén diversas.

2.1. O TEMA DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS

É o tema de maior interese e nel englobanse liñas concretas como a emigración histórica de galegos cara a América en xeral –México, Cuba ou Arxentina, entre outros– e, en moita menor medida, cara a Europa –concretamente a Reino Unido e a Francia–, temas que continúan sendo de interese preferente para os historiadores locais e, en menor medida, para os xeógrafos. A produción bibliográfica é abundante e ás veces reiterativa, pois xorden novos enfoques e interpretacións da evolución, dos impactos en Galicia, das características sociais, etc. que, á súa vez, garda una estreita relación coa enorme dimensión que ese fenómeno tivo para a sociedade

galega durante séculos. A escala de estudo é fundamentalmente xeral, é dicir, a nivel de Galicia como lugar de éxodo.

Tamén é un tema de certo interese o estudo da inmigración que chega a Galicia, tema ao que se lle presta atención preferente desde os ámbitos económicos ou sociais, estudando o seu impacto sobre o mercado de traballo ou sobre o sistema educativo. A escala tamén é a nivel de Galicia, e non constatamos a existencia de estudos de detalle en municipios ou noutra escala.

2.2. O TEMA DO AVELLEMENTAMENTO DEMOGRÁFICO

Este asunto tamén é de moito interese por ser unha cuestión que lle preocupa especialmente á opinión pública en Galicia. A recesión demográfica e a perda de efectivos nos censos das últimas décadas impulsou o estudo da caída da natalidade; do ascenso da mortalidade; e dos impactos sociais, económicos, culturais, políticos, etc., que implica o paso dunha sociedade nova e emigrante a outra sociedade vella e incapaz de asegurar o seu relevo xeracional.

Son liñas de interese o estudo das necesidades das persoas maiores, o despoamento rural co abandono de aldeas no interior de Galicia, o impacto sobre o mercado de traballo e sobre o mercado da terra, ou as consecuencias do avellentamento sobre o sistema de saúde ou sobre as prestacións sociais, ademais das reflexións sobre os impactos cultural e político.

As escalas de estudo son maioritariamente a nivel de Galicia, con estudos de casos concretos en comarcas do interior, a nivel municipal ou en estudos comparados entre o litoral e o interior ou entre a Galicia urbana e a rural.

2.3. O TEMA DA URBANIZACIÓN

É un tema no que o protagonismo da xeografía é maior. O estudo do proceso clásico de urbanización, é dicir, do abandono rural e da concentración urbana e da conseguinte análise da conformación histórica das cidades, das vilas e/ou das aldeas protagonizou en gran medida o interese da xeografía galega durante os últimos anos.

Destacan as visións xerais do proceso no sistema galego de cidades con todas as particularidades sinaladas, pero tamén cómpre salientar o estudo de casos de cidades, de vilas ou mesmo de aldeas rurais que deixan de selo para converterse en urbanas ou, cando menos, en certa medida.

Cómpre tamén subliñar o estudo de novas formas de urbanización, de periurbanización, de urbanización difusa, de urbanización do campo, de suburbanización, de desruralización, de rururbanización, etc., que deixan unha nítida constancia dos cambios social, económico ou cultural que se desenvolveron en Galicia nos últimos anos, e que nos remiten á superación da imaxe tradicional de Galicia como un territorio profundamente rural.

O estudo do desenvolvemento económico e demográfico nas periferias das principais cidades galegas, pero tamén de diversas poboacións cabeceira de comarca rural, a un maior ritmo en termos relativos que as cidades centrais, reforza a hipótese da contraurbanización no sentido de que o proceso clásico de urbanización polo que se produce o abandono rural –a emigración desde os asentamentos pequenos cara ás grandes cidades capitais– comeza ser superado, emerxendo tendencias contrarias de desconcentración ou de redistribución da poboación en redes de asentamentos complementarias.

A escala é diversa e poden constatare estudos de caso a nivel municipal, de aldeas e vilas, das áreas metropolitanas rexionais e tamén da escala de detalle en parroquias e aldeas. Destácanse especialmente as diferenzas entre a Galicia oriental e a occidental e entre a Galicia urbana e a rural. Cómpre destacar o estudo de casos de movementos migratorios internos no sistema de asentamentos galego, e externos coa chegada dos emigrantes retornados, quen nos últimos anos prefiren as localidades rurais para situar a súa nova residencia en Galicia.

2.4. FORTALEZAS E DEBILIDADES NA TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN DEMOGRÁFICA

Como fortalezas podemos destacar as seguintes:

- O notable volume de publicacións sobre a temática demográfica.
- As variadas escalas de análise utilizadas: a nivel de comunidades autónomas españolas (para os temas de maior interese como as consecuencias do avellentamento, da caída da natalidade ou do despoboamento en relación cos seus impactos no mercado de traballo, na educación ou no sistema de saúde) ou a escala rexional con análises globais que complementan os estudos de caso en comarcas, provincias, municipios concretos ou outros.
- O debate conceptual a nivel demográfico para denominar os movementos migratorios de retorno ao medio rural, tanto adxacente ás cidades como cara ao rural máis afastado, e os seus impactos e características.
- O estudo do hábitat e das formas tradicionais de asentamento humano no espazo, que complementan as visións máis tecnocráticas e positivistas.

Como debilidades cómpre destacar as que se relacionan de seguido:

- O excesivo protagonismo que acapara o estudo histórico da emigración galega cara a América e, en menor medida, cara a Europa, e os enfoques xeneralistas a partir das estatísticas oficiais.
- A falta de investigacións sobre o retorno dos antigos emigrantes como fenómeno despuntado tanto a nivel urbano como rural.

- A carencia de enfoques comparativos a nivel de España, tanto de estudo de casos concretos de aldeas, vilas ou cidades como a nivel de comunidades autónomas.
- A debilidade das liñas de investigación a nivel comparativo internacional sobre temática demográfica que tratan de buscar sinerxías e complementariedades entre investigadores de diferentes universidades e países.
- A carencia de estudos demográficos prospectivos que, a diferenza do que sucede no ámbito anglosaxón, permiten anticiparse aos impactos negativos das novas formas de hábitat humano sobre o territorio, como pode ser a contraurbanización e a suburbanización planificada fronte á espontánea.
- A escasa interdisciplinariedade nos estudos e análises, xa que se necesitan visións complementarias dos fenómenos demográficos a partir do traballo colaborativo de disciplinas afíns como a xeografía, a historia, a economía ou a antropoloxía.

Podemos interpretar que as debilidades son produto da presenza dun excesivo corporativismo disciplinar nas universidades e da falta de tradición nas investigacións comparadas e pormenorizadas de estudo de caso.

Podemos destacar a produción bibliográfica de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, onde se concentra a maior masa crítica científica no tema das ciencias sociais de Galicia. Cómpre salientar as liñas cultivadas respecto do estudo dos movementos migratorios, do avellentamento e do mercado de traballo, dos novos procesos de urbanización e da contraurbanización. Na Universidade de Vigo destaca a investigación demográfica en relación coa economía, tanto da emigración tradicional como dos procesos de masculinización ou da caída da fecundidade. Na Universidade da Coruña destaca a liña sociolóxica que se centra no estudo da emigración clásica, ademais doutra máis innovadora que relaciona a arquitectura coa vivenda e coas migracións.

A expensas da universidade destaca a actividade do Arquivo Galego da Emigración, do Consello Galego da Cultura, organismo pertencente á Xunta de Galicia, que desenvolve unha moi prolífica investigación en materia demográfica, aínda que coa especialización na análise histórica da emigración tradicional galega. Son, ademais, editores da revista científica *Estudos Migratorios*, que ten unha importante difusión e presenza internacional.

En resumo, a produción bibliográfica galega en demografía foi numerosa no período 1990-2010, cuns 125 títulos (Pobles en Red, 2010), aínda que se observa un excesivo protagonismo dos estudos históricos da emigración clásica galega cara a América e a Europa, así como das liñas de investigación definidas en temas de avellentamento e economía, de migracións e de urbanización e contraurbanización. Requírense enfoques comparados a nivel nacional e internacional, ademais do desenvolvemento de estudos de casos pormenorizados. Cómpre superar o corporativismo disciplinar, favorecendo o traballo complementario de xeógrafos, economistas, sociólogos, antropólogos e historiadores. Tamén é necesario superar o enfoque xeneralista que tan só se sustenta na análise de datos estatísticos oficiais.

3. CRECEMENTO DA POBOACIÓN GALEGA. DESENVOLVEMENTO DA PERIFERIA URBANA

Actualmente as principais aglomeracións urbanas de Galicia deixaron de ser os polos de atracción exclusivos dos fluxos migratorios, xa que determinados espazos e asentamentos da súa periferia inmediata son capaces de atraer novos residentes nun maior número, sendo na súa maioría familias e novos que abandonan o centro da cidade ou a aldea, que buscan vivendas máis baratas e, en moitos casos, un estilo de vida diferente nun ambiente máis tranquilo e, mesmo, ás veces menos urbano. Asistimos á conformación de espazos e asentamentos suburbanos como transición entre o campo e a cidade.

No período 1990-2010 as sete grandes cidades galegas –A Coruña, Vigo, Santiago, Ferrol, Ourense, Pontevedra e Lugo– coñeceron momentos netamente recesivos cunha perda de poboación intercensual na Coruña, Santiago, Vigo e Ferrol entre os anos 1991 e 2001, e en xeral cunha recuperación posterior entre os anos 2001 e 2010 cando case todas elas son capaces de experimentar novos crecementos (próximos ao 1,5%).

Cómpre destacar que en todo o período de estudo (1990-2010) corresponde de forma reiterada a maior vitalidade demográfica aos municipios da periferia inmediata das principais cidades galegas: son os municipios periurbanos da Coruña, como Arteixo, Oleiros, Cambre ou Culleredo; de Santiago, como Ames, Teo, Oroso ou Brión; de Vigo, como Nigrán, Tomiño, Gondomar ou Baiona; ou de Ourense, como San Cibrao das Viñas. Todos eles chegan a superar taxas de crecemento superiores ao 3%.

Tamén é destacable o crecemento dos municipios de tamaño intermedio con importantes vilas ou pequenas cidades que exercen de capitais de comarca, como poden ser Ordes, Boiro, Ribeira, Carballo, Narón, Melide e Arzúa na provincia da Coruña; Xove, Chantada, Monforte, Ribadeo, Sarria ou Vilalba na provincia de Lugo; O Barco de Valdeorras, Verín, Xinzo da Limia, O Carballiño ou Ribadavia na provincial de Ourense; e Lalín, A Estrada, Silleda, Baiona ou Pontearreas na provincia de Pontevedra.


Estes feitos permiten afirmar que os movementos migratorios rural-urbanos xa non se concentran nas principais cidades galegas, constatándose un crecemento moi significativo das vilas, das aldeas e de determinados asentamentos rurais próximos ás cidades. O desenvolvemento do potencial endógeno dunha industria puxante relacionada con recursos locais permite comprender o proceso de crecemento de asentamentos cabeceira de comarca rural como Lalín en relación co téxtil, O Barco en relación coa industria da lousa, ou A Estrada en relación co moble. Pero a deslocalización residencial con fluxos demográficos desde a aldea ou desde a cidade cara á vila cabeceira de comarca ou área suburbana próxima á cidade convértese no movemento demográfico dominante no territorio.

4. CRECEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN E SUBURBANIZACIÓN

Por outra parte, se nos detemos a examinar a evolución da mobilidade natural da poboación dos municipios periféricos suburbanos, de novo xorden evidencias da súa vitalidade demográfica e social, fronte aos municipios máis urbanizados e que actualmente non teñen asegurado o relevo xeracional.

A tendencia durante os últimos anos foi de aumento da mortalidade e de descenso da natalidade, o que se enmarca na dinámica natural do conxunto da sociedade galega en relación co seu elevado grao de avellentamento (mapa 1). A Galicia oriental e do interior opónse á Galicia occidental e próxima á costa, a primeira moi avellentada e incapaz de asegurar o relevo xeracional, con taxas municipais de natalidade por baixo do 7‰ e de mortalidade por riba do 15‰. Fronte a isto os municipios suburbanos da periferia das cidades galegas posúen as maiores taxas de natalidade en relación directa co perfil novo dos seus habitantes; son os municipios da periferia inmediata das cidades de Santiago –como o caso de Ames– ou da Coruña –como o caso de Cambre– os que presentan as maiores taxas de natalidade, que se sitúan por riba do 13‰.

Mapa 1.- Taxa de poboación vella por municipios. Porcentaxe de persoas maiores de 64 anos (2005)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e de Pobles en Red-CSIC.

O feito de que nos municipios periféricos suburbanos falezan máis persoas das que nacen e que, porén, presenten as maiores taxas de crecemento demográfico, pon de relevo a dimensión alcanzada polo fluxo inmigratorio que se dirixiu a estes lugares para fixar a súa residencia. Esta corrente inmigratoria cara a municipios periféricos desbordou as tradicionais correntes inmigratorias, que se dirixían ás cidades. Podemos afirmar que as cidades deixaron de ser os exclusivos polos de atracción dos movementos migratorios. Pero a suburbanización como fenómeno demográfico cun forte impacto territorial non foi planeada. As persoas que deciden cambiar a súa residencia na cidade ou no campo por outra na periferia suburbana fano por iniciativa propia, porque se senten atraídos por un mercado da vivenda máis accesible; por novos estilos de vida; polas facilidades de mobilidade xeográfica que permiten as redes de estradas e autoestradas, ou pola universalización do automóbil particular, ou pola extensión das redes públicas de transporte colectivo.

Porén, podemos observar unha descoordinación en materia de planificación territorial a nivel demográfico ou urbanístico, que está creando conflitos entre as autoridades políticas dos municipios das cidades e os da súa periferia. Como cada un ten competencias propias en planificación urbanística e política social, constátanse intereses contrapostos. Os municipios periféricos soen ser máis permisivos no control da edificación, adoitan ofertar solo máis barato, taxas impositivas máis reducidas, etc., mentres que non contan cos servizos de atención social das cidades. Na periferia da cidade danse as circunstancias apropiadas para a especulación e a inxustiza social. Isto leva a que nos preguntemos se a suburbanización en Galicia está realmente prevista ou planeada, e a quen lle corresponde esa actividade.

As tendencias do crecemento natural en Galicia xiraron en torno ao declive demográfico xeneralizado. No período 1990-2010 a recesión foi incrementándose como produto do avellentamento e da incapacidade para asegurar o relevo xeracional. Tan só se poden citar como auténticas “illas” de vitalidade natural os casos concretos de municipios na periferia inmediata das cidades máis importantes: Culleredo e Cambre na Coruña, Ames en Santiago de Compostela e Poio en Pontevedra. Só se constatan taxas de natalidade por riba do 8‰ nos municipios das cidades e na súa periferia inmediata, ademais de na cabeceira comarcal, como no caso de Verín, Xinzo de Limia ou O Barco, entre outros.

A suburbanización xurdiu nas décadas dos anos setenta e oitenta do pasado século ao beneficiarse da tendencia cara á desconcentración demográfica das cidades (Ferrás, 1996), pero adquire un especial vigor e transcendencia a partir da década dos anos noventa. Neses anos os fluxos migratorios desconcentradores estiveron compostos na súa maioría por familias novas e adultas en plena fase de maior vitalidade, que posuíron a suficiente solvencia económica como para adquirir en propiedade a súa vivenda ou para promover a súa construción. Os novos habitantes suburbanos impulsaron unha transformación social e económica na periferia da cidade.

O predominio das actividades agrarias de natureza industrial e a agricultura tradicional cedeu ante o crecemento do sector servizos, converténdose na actividade básica da poboación residente; servizos que maioritariamente se localizan na cidade próxima á que acoden diariamente a ocupar o seu posto de traballo os residentes suburbanos. En xeral, as familias da periferia da cidade posúen a suficiente mobilidade para desprazarse libremente, en relación coa universalización do automóbil particular e coa mellora das vías de comunicación.

Ademais, tamén cambiou a composición social destas comunidades, nas que os grupos sociais de maior cualificación profesional e poder adquisitivo adquiren protagonismo nas institucións políticas e na vida social e cultural local. Comezaron a despuntar convivencias e conflitos entre os novos residentes acabados de chegar (alóctonos) e os residentes de orixe (autóctonos). Todos eles comezaron a convivir en colexios e institucións locais e a compartir espazos e equipamentos. Desenvolveuse unha diversidade social e cultural sobre un medio rural orixinal creando un novo escenario suburbano.

A permisividade das políticas de control urbanístico –interesada ou desinteresadamente– nos concellos suburbanos, a falta de coordinación entre municipios acerca das políticas urbanísticas ou doutro tipo –sociais ou culturais– e as preferencias por vivir fóra da cidade actuaron como factores de atracción dos novos residentes nos municipios da periferia das cidades. Estas persoas optan pola vivenda unifamiliar illada no campo, ben de promoción particular ou ben formando parte de urbanizacións privadas de calidade con servizos privados; pero tamén o desenvolvemento urbanístico suburbano non foi alleo aos procesos de edificación de vivendas multifamiliares en determinados núcleos rurais tradicionais ou de nova creación, pero emprazándose case sempre nas beiras das principais vías de comunicación. A disposición de edificios de diferentes volumes en ringleiras nunha ou en ambas as dúas marxes das estradas, tanto de pisos e apartamentos como de casas rurais tradicionais ou de vivendas unifamiliares con xardín, é un trazo morfolóxico propio dos espazos rurais da periferia da cidade.

5. INMIGRACIÓN E CAMBIO SOCIAL

Por outra parte, o fluxo inmigratorio trouxo consigo transformacións na estrutura do emprego das comunidades receptoras, é dicir, nos municipios adxacentes aos das principais cidades galegas.

Na provincia da Coruña estes municipios da periferia urbana coñeceron no período 1991-2001 un crecemento desorbitado do emprego no sector servizos e, en menor medida, na industria e na construción. As actividades relacionadas coa agricultura, coa gandería ou coa pesca reduciron o número de persoas ocupadas en máis de 2.000, á vez que os servizos as incrementaban en máis de 6.000, as manufacturas nunhas 800 e a construción en máis de 1.000. Na actualidade, practicamente a metade da poboación ocupada atópase vinculada ao sector tercia-

rio ou de servizos. Produciuse un transvasamento de man de obra agraria aos demais sectores de actividade, o que, sen lugar a dúbidas, levou aparelados cambios socioeconómicos e novos estilos de vida, de mentalidade, de aspiracións, etc.

A suburbanización e a contraurbanización xeraron un crecemento demográfico nos espazos periféricos das cidades á conta destas últimas, impulsando unha transformación social e económica que se traduce na diversificación funcional e social. Nos espazos periféricos das cidades galegas desenvolvéronse as economías mixtas entre as familias autóctonas, combinando os labores na explotación agraria co traballo asalariado, e todo isto acompañado dunha gran diversificación social, xa que os novos residentes que chegan son de diferente condición social e económica respecto dos veciños autóctonos. Pero, que implicacións levan apareladas para os espazos rurais afastados das cidades? Podemos interpretar que o abandono e o retroceso da terra cultivada e a proliferación do monte e da masa forestal están intimamente ligados ao despoboamento rural e ao avellentamento demográfico. Mesmo podemos reflexionar sobre a extensión da suburbanización e a rápida proliferación dos bosques de eucaliptos e do fenómeno dos lumes forestais. Non debemos obviar o feito de que a presión urbanística na periferia das cidades e das vilas de Galicia se fixo sobre terras de concentración parcelaria que perderon a súa orientación agraria, que deixaron de ter valor de uso para pasar a ter valor de cambio (Souto, 2001).

O desenvolvemento urbanístico suburbano prodúcese tanto de forma concentrada en pequenos núcleos como de forma dispersa no campo. As cidades tenden a quedar relegadas do seu tradicional papel de focos centralizadores dos fluxos migratorios, fronte a este tipo de espazos da súa periferia inmediata. Despunta un fluxo de desconcentración da poboación en relación directa cun éxodo migratorio urbano, formado maioritariamente por familias que deciden establecer a súa residencia en asentamentos periféricos. Estas persoas buscan unha nova forma de vida en vivendas unifamiliares no campo ou en vivendas colectivas ou doutro tipo en pequenos núcleos urbanos próximos á cidade. As áreas rurais localizadas na periferia das cidades preséntanse como as de maiores perspectivas de crecemento demográfico e de presión urbanística. É por isto polo que en Galicia as áreas periféricas das cidades requiren unha atención especial en materia de planificación territorial e social.

A distribución das *taxas de migración neta* por municipios reflicte que entre os anos 1990 e 2010 foron os municipios da periferia das principais cidades, xunto con aqueles de carácter rural con cabeceira capital de tipo vila ou pequena cidade, os que se mostraron como receptores netos de inmigrantes, que pasan a converterse en novos veciños. Destacan pola súa vitalidade os municipios de Ames, Teo e Brión na periferia da cidade de Santiago de Compostela; Arteixo, Culleredo ou Cambre, entre outros, na periferia da cidade da Coruña; As Viñas e Maceda na periferia da cidade de Ourense; e Narón na periferia da cidade de Ferrol. Nalgún destes municipios chegan a ter taxas superiores ao 10%.

As vilas e as pequenas cidades tamén foron protagonistas da desconcentración dos fluxos migratorios, que deixaron de concentrarse nas grandes cidades galegas neste período de fin de século. Entre os anos 1991 e 1995 podemos destacar a gran capacidade de atracción –superior a dez novos residentes por cada mil habitantes– dos municipios cabeceira de comarca rural como, entre outros, Betanzos, Ponteareas, Laxe, Melide, O Carballiño, Verín, O Barco, Sarria, Ribadavia ou Xinzo da Limia. Esta tendencia de redistribución dos movementos migratorios cara a municipios rurais coincidiu cunha tendencia recesiva nas cidades de Santiago, de Ferrol e da Coruña, que no período 2001-2004 mostraban taxas migratorias recesivas.

Tamén cómpre destacar que se constata a capacidade de atracción de municipios netamente rurais do interior de Galicia, como pode ser Monterroso, que é a capital dunha comarca agraria na provincia de Lugo. O desenvolvemento agrogandeiro, vinculado á industria do leite; a superación do minifundismo empresarial; a mellora dos medios de comunicación; o retorno de capital con orixe na emigración de antano; a potenciación dos servizos públicos de sanidade, educación e doutros no medio rural, entre outros factores, contribuíron a que a esa redistribución dos fluxos migratorios deixaran de concentrarse en exclusiva nas principais cidades galegas.

Polo que respecta ao fluxo migratorio negativo e á súa distribución a nivel municipal, cómpre destacar que tivo unha especial incidencia nos municipios do interior de Galicia, naqueles máis afastados das principais cidades, nas áreas de montaña e nas serras orientais galegas e tamén nos municipios illados das comarcas noroccidentais da Costa da Morte.

En xeral, no período 1990-2010 Galicia no seu conxunto foi quen de atraer un fluxo descoñecido de inmigración, na súa maioría de emigrantes retornados desde as grandes áreas metropolitanas de cidades latinoamericanas e europeas, especialmente de Arxentina, Venezuela, Gran Bretaña, Suíza e Alemaña e, en menor medida, de Madrid, Bilbao e Barcelona.

O éxodo emigratorio de galegos cara ao exterior centrouse particularmente nun fluxo dos novos cara a Canarias para traballar varios meses ao ano no sector da construción que, á súa vez, é un sector impulsado por capital e por empresas de orixe galega; e nas novas mobilidades vinculadas á aprendizaxe de idiomas ou á busca de postos de traballo cualificados. O éxodo rural de escasa cualificación que emigra por necesidade vital deixou de existir.

6. A POBOACIÓN ESTRANXEIRA

A presenza de poboación estranxeira en Galicia non é numerosa. Galicia, debido á súa situación xeográfica, atópase excéntrica respecto dos fluxos de inmigración que chegaron a España entre os anos 1990 e 2005.

A observación dos mapas de distribución de estranxeiros por municipios revela uns procesos de concentración nas principais cidades galegas, pois no ano 2005 son

os seus municipios os que teñen máis de 1.000 estranxeiros contabilizados. Tamén destacan, aínda que en menor medida, os municipios da periferia inmediata das cidades –Ames e Arteixo–, xunto con vilas do interior –O Barco de Valdeorras, coa súa puxante industria da lousa, ou Verín, coa súa industria agraria e téxtil–. En menor medida tamén se constata unha presenza de estranxeiros en municipios cabeceira de comarca rural, que nos últimos anos experimentaron un importante desenvolvemento como centros de servizos.

A comparación dos mapas de poboación estranxeira dos anos 1996, 2001 e 2009 mostra a incidencia dun proceso de desconcentración polo que respecta á súa localización xeográfica. Desde o ano 1996 ata o ano 2010 obsérvase unha considerable redución no número de municipios sen estranxeiros, quedando practicamente alleos aqueles casos máis illados en zonas de montaña. Cómpre destacar o feito de que hoxe en día a gran maioría de municipios galegos contan con estranxeiros censados.

7. A XUVENTUDE NA PERIFERIA


O crecemento demográfico e o fluxo migratorio cambiaron os perfís socioeconómicos dos municipios nos que se desenvolveu a suburbanización e a contraurbanización. Estes espazos, localizados na periferia inmediata das aglomeracións urbanas, convertéronse nos de maior vitalidade demográfica. O fluxo migratorio conseguiu situar as taxas de crecemento destes municipios periféricos nun nivel maior que os municipios propiamente urbanos: 155 novos habitantes por cada 1.000, fronte aos 58 por cada 1.000 entre os anos 1991 e 2010 (mapa 2).

As taxas de masculinidade revelan un cambio importante na composición por sexos da poboación suburbana. O incremento do número de homes por cada 100 mulleres –que pasou de 93 a 95– debe relacionarse directamente co fluxo inmigratorio, tendo en conta que o descenso da natalidade e a tendencia ao avellentamento demográfico repercutirían necesariamente nun descenso do número de homes. O incremento proporcional do número de persoas nos grupos de idades de maior vitalidade demográfica, social e económica con idades comprendidas entre os 16 e os 64 anos tamén se pode relacionar co fluxo inmigratorio. O forte crecemento demográfico, a maior densidade de poboación –237 hab./km² no ano 1991–, o incremento da proporción do número de homes sobre o de mulleres, o forte incremento da poboación en idade de traballar e o importante fluxo inmigratorio son síntomas manifestos da vitalidade demográfica na periferia das principais cidades galegas.

Existen datos que mostran nitidamente a gran presenza de xente nova nas poboacións residentes na periferia. En Galicia existen municipios na periferia das cidades cun 20% de mozos menores de 15 anos con respecto á poboación total residente, como no caso de Ames, na periferia inmediata da cidade de Santiago de Compostela. En Santiago de Compostela esta cohorte de menos de 15 anos é dun

15%. Un caso similar podemos observalo no municipio de Cambre, na periferia da cidade da Coruña, que contan cun 18,5% e cun 14% de novos menores de 15 anos, respectivamente.

Mapa 2.- Taxa de crecemento acumulativo por municipios (1990-2010)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e de Pobles en Red-CSIC.

Os municipios periféricos das áreas metropolitanas da Coruña e de Santiago de Compostela son os de maior dinamismo demográfico. As cidades da Coruña e de Santiago mostran tendencias de esgotamento e perden habitantes –segundo os datos dos padróns municipais dos anos 1996 e 2001–, mentres que localidades como Cambre, Oleiros, Ames ou Oroso crecen extraordinariamente. Ademais, as maiores taxas de natalidade están entre as poboacións novas suburbanas das áreas metropolitanas. Ames e Cambre teñen as maiores taxas de natalidade de Galicia.

No caso de Ferrol existe un comportamento distinto ao da Coruña e ao de Santiago. Narón foi durante os anos oitenta do pasado século o municipio que crecía na área metropolitana de Ferrol. Datos recentes mostran que Narón tamén entrou na senda da recesión e que esta é a tónica global dominante. A crise económica local da comarca tradúcese nunha recesión demográfica; porén, a recesión relaciónase máis coa baixa natalidade –que é a máis baixa das áreas metropolitanas galegas– e coa alta mortalidade, pois os movementos migratorios están paralizados.

A xente nova que viven na periferia da cidade non se concentra nun só núcleo de poboación, como sucedería nunha cidade, senón que os seus domicilios se distribúen de forma desconcentrada en numerosos entidades habitadas: pequenas aldeas diseminadas, urbanizacións privadas dispersas no campo, núcleos urbanos de pisos que funcionan como pequenas vilas dormitorio ou vivendas illadas en pleno campo. A mocidade da periferia da cidade debe realizar frecuentes desprazamentos para o normal desenvolvemento da súa vida diaria, e atópase co problema dos medios de transporte, xa que o transporte público é deficiente e pouco frecuente, polo que depende cada vez máis do automóbil particular e dos seus pais. En Galicia non existen políticas de transporte suburbano que puideran coordinar os servizos da cidade coa súa periferia.


As actividades sociais e os programas para a xuventude na cidade e na periferia suburbana son moi dispares e desequilibrados. Os programas de atención xuvenil ofertados proceden das institucións locais –os concellos–, das ONG e das distintas asociacións privadas. A oferta é variada: actividades de apoio escolar, animación á lectura, talleres ocupacionais, xogos, actividades deportivas, actividades culturais, actividades de protección a novos inmigrantes, de integración de novos marxina-dos, etc.; porén, a atención social á xuventude concéntrase na cidade, que é onde existen máis recursos e redes de asociacións privadas, e onde adoitan ter as súas sedes as ONG. Nos municipios suburbanos os concellos non contan con recursos equiparables aos da cidade. Cómpre ter en conta que estes municipios, no caso de Galicia, non superan os 25.000 habitantes e que presentan un rápido crecemento demográfico sen previsión das necesidades sociais que isto xera.

Os programas sociais para a xuventude son moi accesibles para aqueles que viven na cidade ou no centro urbano, que é onde se ofertan máis actividades, xa que hai unha maior proximidade e non é preciso facer desprazamentos longos. A oferta urbana é máis diversa e adecúase máis ás necesidades individuais –horarios, economía, preferencias, etc.–. As actividades están pensadas para levalas a cabo nun espazo determinado. Por exemplo, un concello organiza actividades centralizadas en locais moi concretos na cidade, esquecéndose da xente nova que vive nos barrios ou no medio rural. O mesmo ocorre nas localidades suburbanas onde, ademais, a poboación está máis dispersa e onde normalmente as actividades non se levan ás parroquias ou ás aldeas, quedando desatendidos moitos dos novos residentes.

Actualmente, os profesionais dos servizos sociais galegos están estudando a posibilidade de utilizar como locais sociais as antigas escolas unitarias das parroquias ou as instalacións dos “teleclubs” coa finalidade de darlles dinamismo social ás periferias suburbana e rural. Os “teleclubs” foron unha iniciativa social que levaron a cabo as autoridades municipais nos anos setenta e oitenta do pasado século, e a través da que se lle proporcionaba ao medio rural uns locais públicos para desenvolver actividades de interese comunitario. Estes “teleclubs” axiña caeron en desuso e hoxe están case abandonados.

Entre os anos 1991 e 2010 o avellentamento da poboación en Galicia xeneralizouse na práctica totalidade dos seus municipios, feito que está en consonancia coa súa incapacidade para asegurar o relevo xeracional e as moi baixas taxas de natalidade. No mapa 3 pode comprobarse como a presenza de cohortes de mozos e mozas reduciuse ata poder destacar só os casos dos municipios da periferia das cidades e, en menor medida, as propias cidades. Tamén cómpre destacar que no contexto do avellentamento xeral son os municipios próximos ao litoral os que mostran unha maior vitalidade e un maior grao de xuventude. Pola contra, a provincia de Ourense é a que presenta o maior número de municipios con porcentaxes de poboación menor de 15 anos inferiores ao 6%, coincidindo cun dominio absorbente de vellos e de adultos-vellos.

Mapa 3.- Proporción de poboación nova por municipios (2005)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e de Pobles en Red-CSIC.

8. CONCLUSIÓNS

No período 1990-2010 evidénciase en Galicia un proceso de redistribución dos fluxos migratorios interiores en relación con importantes cambios demográficos e territoriais. Os factores máis significativos que favoreceron a recuperación demo-

gráfica e socioeconómica en determinados asentamentos rurais e suburbanos galegos poden sintetizarse nos seguintes:

- 1) As tendencias cara á desconcentración demográfica e á deslocalización residencial en relación co cambio de sentido dos movementos migratorios campo-cidade e a capacidade das áreas rurais de atraer inmigrantes de orixe urbana que buscan un novo estilo de vida valorando as calidades ambientais e unha mellor relación calidade-prezo no acceso á vivenda.
- 2) O incremento da capacidade de mobilidade espacial da poboación en relación coa universalización do automóbil particular e coa mellora das comunicacións, o que permite desvincular o lugar de residencia do de traballo.
- 3) A industrialización rural, que ofrece novas posibilidades de vida a aquelas persoas que tradicionalmente se atopaban sub-ocupadas no sector agrario e predestinadas á emigración.
- 4) A paralización da emigración tradicional, debido a que os centros urbanos xa non ofrecen posibilidades de atopar emprego e de mellorar a calidade de vida como no pasado; con isto fréase o tradicional éxodo rural.
- 5) A emigración de retorno, que significa a chegada de persoas e familias ao medio rural logo de pasar unha parte da súa vida nas cidades industriais.
- 6) O desenvolvemento dos servizos públicos e privados e a súa descentralización territorial, que xeneraliza a universalización social polo que respecta á accesibilidade á educación, á sanidade, ao comercio, etc.

Actualmente, as cidades galegas comezaron a deixar de ser os polos de atracción exclusivos dos fluxos migratorios, xa que determinados espazos da súa periferia inmediata son quen de atraer novos residentes nun maior número, sendo na súa maioría familias e novos que abandonan o centro da cidade ou a parroquia rural, que buscan vivendas máis baratas e, en moitos casos, un estilo de vida diferente nun ambiente en principio máis tranquilo, moderno e sostible.

O crecemento das vilas cabeceiras de comarca ou municipio débese ter moi presente neste proceso de cambio, xa que non debemos esquecer que as comunicacións actuais, coa extensión da rede de estradas e de autoestradas, permiten desprazamentos rápidos entre cidades, vilas e aldeas de Galicia.

O desenvolvemento de novos modelos de migración implica que en determinados municipios e/ou parroquias periféricas das principais cidades e vilas galegas se estean experimentando tendencias de crecemento demográfico. Este desenvolvemento urbano periférico estase utilizando como argumento para criticar o enfoque tradicional, que opoñía o urbano ao rural. Hoxe en día asistimos ao feito de que as comunidades cun maior grao de xuventude se localizan na periferia das cidades, e este feito relaciónase cos procesos de suburbanización e contraurbanización que podemos denominar como novas formas de urbanización desconcentrada sobre o *hinterland* rural das cidades.

Estas novas formas de urbanización desconcentrada non están sendo planeadas, e as persoas que deciden cambiar a súa residencia na cidade ou na aldea por outra na periferia suburbana fano máis por iniciativa e por interese persoal que polo incentivo de políticas activas. A descoordinación en materia de planeamento está creando conflitos entre as autoridades políticas dos municipios das cidades e os da súa periferia. Como cada un ten competencias propias en planificación urbanística e políticas sectoriais, existen intereses contrapostos: os municipios periféricos soen ser máis permisivos no control da edificación, acostuman ofertar o solo máis barato, teñen taxas impositivas máis reducidas, etc., pero non contan cos servizos de atención social ou cos equipamentos das cidades. Por iso, na periferia da cidade danse as circunstancias apropiadas para a especulación e a inxustiza social.

Hoxe en día existen en Galicia claras dinámicas de dispersión do poboamento, que tamén podemos denominar de deslocalización residencial. Existen hábitos sociais polos que moitas persoas optan pola vivenda unifamiliar illada no campo, ben de promoción particular ou ben formando parte de urbanizacións con servizos privados; pero tamén xorden novas formas de hábitat cos procesos de edificación de vivendas multifamiliares en determinados núcleos, que se emprazan nas beiras das principais vías de comunicación. A disposición de edificios de diferentes volumes en ringleiras nunha ou nas dúas marxes das estradas, tanto de pisos e apartamentos como de casas rurais tradicionais ou de vivendas unifamiliares con xardín, é un trazo morfolóxico propio dos espazos rurais e da periferia suburbana da cidade que necesita ser previsto e ordenado.

En definitiva, as áreas rurais localizadas na periferia das cidades preséntanse como as de maiores perspectivas de crecemento demográfico e presión urbanística, e requiren unha atención especial en materia de planificación territorial e demográfico-social. Ábreanse interrogantes acerca dos impactos sociais, políticos e culturais que sobre a sociedade galega terá este crecente e desorganizado proceso de suburbanización.

BIBLIOGRAFÍA

- ALDREY, J.A.; LOIS, R. (2010): *Breve xeografía de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra.
- BRYANT, C.R.; RUSSWURM, L.H.; MCLELLAN, A.G. (1982): *The City's Countryside. Land and its Management in the Rural-Urban Fringe*. New York, NY: Longman.
- FERRÁS SEXTO, C. (1998): “Cambio social e territorial en Galicia ¿De país rural a cidade xardín?”, *Semata*, 9, pp. 55-78.
- FERRÁS SEXTO, C. (2009): “Suburbanisation Tendencies within the Context of the New Society. The Case of the Galician Countryside, 1970-1991”, *Zeitschrift für Agrareschichte und Agrarsoziologie*, 2 (57), pp. 30-45.
- HANLON, B.; SHORT, J.R. (2010): *Cities and Suburbs. New Metropolitan Realities in the US*. Oxford, UK: Routledge.
- INE (2010): *Encuesta de población activa 2010*. Instituto Nacional de Estadística.

Ferrás, C.

Da aldea ao suburbio. Cambios demográficos...

O'FLANAGAN, P. (1996): *Xeografía histórica de Galicia*. Vigo: Xerais.

POBLES EN RED (2010): *Informes bibliográficos Galicia*. Madrid: CSIC, Red Temática de Investigación en Demografía de España.

PRECEDO LEDO, A. (1999): *Geografía humana de Galicia*. Barcelona: Oikos-Tau.

RUBIO TERRADO, P. (1999): "El postproductivismo en los espacios rurales", *IX Coloquio de Geografía Rural: Perspectivas geográficas sobre el espacio rural*, pp. 19-77. Vitoria

SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (2001): "Cambios culturais, globalización e periurbanización: paisaxe, poboamento e ordenamento territorial", *As paisaxes de Galicia*, 2, pp. 61-103. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.